

PORTUGAL E AS IRMANDADES DA FALA

Justo Beramendi¹

Resumo:

Portugal funciona no desenvolvemento do discurso do nacionalismo galego como un referente imperfecto de reintegración nacional, como complemento necesario da construción do concepto de Galiza-nación en clave etnohistórica. Isto promove no período de entreguerras relacións culturais entre intelectuais galegos e portugueses, pero case ningunha relación política e nunca dá lugar a unha reivindicación de unión política dos dous países.

Palabras-Chave: Portugal, Galiza, nacionalismo galego, relacións Galiza-Portugal.

ABSTRACT:

In the development of the ideology of Galician nationalism Portugal works as a defective subject of national reintegration, as necessary complement to ideal nation-building of Galice in ethno-historical clef. This causes cultural relations between Galician and Portuguese intellectuals during the Twenties and Thirties, but barely political relations and never generate the demand for the political union of the two countries.

Keywords: Portugal, Galice, Galician nationalism, Galice-Portugal relations.

As Irmandades da Fala (1916-1931) foron a primeira manifestación do nacionalismo galego propiamente dito tanto no ideolóxico como no organizativo e na acción política. Porén, estas organizacións non nacen *ex-nihilo* senón como resultado da evolución de formas previas do galeguismo político, que son o provincialismo (ca.1840-ca.1885) e o rexionalismo (ca.1885-1915).² Xa que logo, moitos elementos ideolóxicos e programáticos das IF poden estar presentes nesas etapas previas, incluída a función que xoga Portugal como referente de reintegración nacional nos diferentes ideosistemas galeguistas.

OS PRECEDENTES

O provincialismo galego nace como tendencia minoritaria no seo do progresismo español en Galicia na primeira metade da década de 1840. Nestes momentos iniciais só se fala de *nación galega* nun lonxano pasado, cando os galaicos gozaban de independencia política, pero *en tempo presente* Galicia se considera parte da nación española, unha *provincia* que amosa unhas peculiaridades históricas e étnicas que a diferencian das demais partes integrantes desa nación e das que

¹ Universidade de Santiago de Compostela

² Un estudo pormenorizado de todas estas etapas en Justo Beramendi, *De provincia a nación. Historia do galeguismo político*, Vigo, Ed. Xerais, 2007.

deriva o dereito a unha imprecisa descentralización. En consonancia coa febleza desta autoafirmación, o referente de reintegración non aparece de momento. A única mención significativa de Portugal que atopei débese a Faraldo³ e non pode ser máis negativa dende o punto de vista que aquí nos interesa, pois di que este país, “nuestro hermano por leyes, revoluciones, tradiciones, usos y costumbres [...] Por muchos siglos ha combatido por el nombre español, i á la sombra del pendón de Castilla; fue parte de la nación española, i cuando por la traición de un ministro se separó de nuestra comunidad política, no por eso dejó de seguir atado al carro español”. Por iso “con grandes publicistas pensamos que por ningún título puede estar separado de ella”. Aparece aquí o iberismo propio de parte do progresismo español, no marco dunha concepción da nación como sociedade política, pero en absoluto a identidade nacional-orgánica do par Galicia-Portugal nin a súa oposición a Castela-España. Ao contrario, a afinidade étnica e histórica parece máis orientada a Castela ou á nación española.

Logo da breve cesura que implica no nacente galeguismo a derrota do pronunciamento progresista de abril de 1846, no que participan con notable protagonismo os primeiros provincialistas, o galeguismo retoma a súa presenza pública baseada case exclusivamente na prensa, no rexurdiramento literario e na produción teórica e historiográfica. Nesta segunda xeración non hai cambios de relevo respecto dos plantexamentos iniciais. Continuidade total atopamos en Benito Vicetto cando, logo de advertir que a unión de España e Portugal é unhas das cuestións “más importantes, si no la más, para el enaltecimiento, prosperidad y porvenir de la Península”, se esforza en demostrar por activa e por pasiva que Portugal non ten “carácter de nacionalidad extraño al carácter de la nacionalidad española”, polo que “no podrá resistir á la ley inconvencible de la gravedad. Portugal será de España como España de Portugal, y **en ambas renacerá la antigua Iberia**”.⁴

Pero non todo é continuismo. Neste período empeza a obra de Manuel Murguía, o ideólogo maior do galeguismo decimonónico, que supón a construción dun referente afirmativo con implicacións claramente excluintes respecto do español, xa que fundamenta o ser de Galicia na súa etnicidade, isto é, na existencia dunha raza (celta), un territorio, unha lingua e un *Volksgeist* específicos, co que senta as bases conceptuais do posterior concepto de Galicia-nación. Con todo, a fe progresista do Murguía xove na posibilidade dunha nación española moderna e democrática mantén de momento atrofiados os referentes de oposición (Castela) e de reintegración (Portugal).⁵ Respecto deste último, se ben recoñece a irmandade racial entre galaicos e lusitanos na prehistoria e o estreito parentesco idiomático e cultural posterior, faltan os lamentos por non lograr durante a Idade Media a unión de Galicia e Portugal. Mesmo se felicita de que tal unión non chegase durante a Guerra de Sucesión.⁶ Todo isto concorda coas reiteradas mencións da pertencia de Galicia á nación española.

Neste primeiro concepto murguiano de Galicia hai, pois, unha forte tensión entre a afirmación dos factores constitutivos dunha nacionalidade galega histórica e obxectivamente definida, por un lado, e a pervivencia da idea provincialista dunha nación española de esencia política perfectible e na que Galicia está incluída, polo outro. O propio Murguía, nos seus escritos da fase rexionalista, romperá o difícil equilibrio entre eses dous conxuntos contraditorios de elementos ideolóxicos a favor do primeiro desenvolvendo plenamente o referente de oposición (Castela), o que fai necesario o crecemento paralelo do de reintegración (Portugal). Con isto créanse as condicións para a afirmación plena da nación galega e o conseguinte rexeitamento non só da pertencia de Galicia á nación española senón da existencia mesma desta última. Nisto a obra do Murguía maduro é

³ Antolín Faraldo, “Lisboa. Palacio de las Necesidades”, *El Recreo Compostelano*, nº 8, 26-IV-1842, pp. 111-112.

⁴ Benito Vicetto, “Unión de España y Portugal”, *Revista Galaica*, nº 15, 15-XII-1874, pp. 1-3.

⁵ Vid. Manuel Murguía, “Literatura. De las diversas causas que han influido de una manera desfavorable en el desarrollo de nuestra literatura provincial”, *La Iberia*, Madrid, 24-XII-1856 e *Historia de Galicia. Primer Tomo*. [Precedido do “Discurso Preliminar” e as “Consideraciones Generales”], Lugo, Imp. Soto Freire, 1865. Vid. tamén Justo Beramendi, *Manuel Murguía*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1998.

⁶ Manuel Murguía, *Historia de Galicia*, op. cit., p. 166.

paradigmática e claramente protonacionalista. En cambio, o sector tradicionalista do rexionalismo, do que o ideólogo principal é Alfredo Brañas,⁷ non asume esta novidade e segue ancorado nun rexionalismo españolista estrito. Non obstante, a influencia murguiana é a que prevalece na actitude dos rexionalistas galegos (e dos nacionalistas posteriores) tanto cara a Castela como cara a Portugal. Nesta actitude, maioritaria no galeguismo a partir deste momento, os caracteres étnicos dominan claramente as imaxes do propio e do alleo. Por iso, di Murguía, non debe sorprendere que, por exemplo, a poesía en castelán dun Rodríguez del Padrón e a portuguesa dun Camoens teñan ese inequívoco aire de familia.

É certamente o referente de reintegración supera a súa atrofia anterior. Agora Portugal, non só contén para os rexionalistas unha parte da nación común galaico-portuguesa, traumáticamente escindida pola loita entre Estados, senón que coa súa presenza mantén aberta a posibilidade dunha reintegración política real. Respecto do primeiro, Murguía é moi claro, aínda que por razóns de oportunidade prefere manifestarse por boca allea: “la opinión general entre los escritores lusitanos es que, fuera de los Algarbes, las demás provincias portuguesas constituyen una entidad nacional que sólo estará completa cuando se les una Galicia formando `una **nación étnicamente homogénea** desde Finisterre á Mondego´, como afirma el mismo Oliveira Martins”.⁸ E no discurso de Tui establece a identidade nacional pola vía da lingua:

Vede, po-l' o mesmo, meus señores, si podemos decir con verdade, que nunca, nunca, nunca, pagaremos ôs nosos hirmans de Portugal o que nos haxan conservado este e outros recordos, e sobre todo qu'haxan feito d'o noso galego, un idioma nacional.⁹

Respecto do segundo, reforza a reivindicación rexionalista amagando coa posibilidade da reintegración política, aínda que para iso teña que inventarse unhas inexistentes arelas anexionistas por parte do país veciño:

El peligro que por esto corre el Estado español, de que se ahonden las diferencias que nos separan, y conviertan en marcada hostilidad las relaciones que al presente unen á las diversas nacionalidades de que se compone, es tanto más serio, cuanto que Galicia se halla constantemente solicitada por Portugal, y que puede en un momento dado venir en su auxilio y tomarla para sí, sin que nos duela ni mucho menos.¹⁰

Non obstante, nesta concepción de Portugal hai certas sombras, que son consecuencia directa da hipervaloración teórica da raza. En realidade, o verdadeiro referente de reintegración non é todo Portugal senón somentes o Portugal galaico, co que a operatividade propiamente política desta idea fica moi diminuída, reducida só a instrumento retórico co que presionar en favor dunha descentralización do Estado español. E así, falando dos contrastes que observa entre os habitantes do Norte e do Sul de Portugal, di Murguía: “¿Y será todavía necesario advertir que esas diferencias, más o menos acusadas, indican conflicto entre dos pueblos de sangre y origen distintos, superior y ariano el uno, semita é inferior el otro?”¹¹. Como veremos, esta ambivalencia reaparecerá coas mesmas características na fase nacionalista.

⁷ Vid. Alfredo Brañas, *El Regionalismo. Estudio sociológico, histórico y literario*, Barcelona, Jaime Molins, 1889.

⁸ Manuel Murguía, *El regionalismo gallego*, La Habana, Imp. La Papelera Gallega, 1889, p. 45.

⁹ “Juegos Florales de Galicia celebrados por primera en la ciudad de Tuy el día 24 de junio de 1891. Discurso d'o presidente Don Manuel Murguía”, *La Patria Gallega*, nº 7-8, 15-VII-1891, pp. 1-6.

¹⁰ M. Murguía, *El regionalismo gallego*, op. cit., p. 7.

¹¹ *Ibidem*, p. 45.

AS IRMANDADES DA FALA

Na breve fase de transición do rexionalismo ao nacionalismo (1916-1918), o protagonismo de persoas de filiación ideolóxica democrático-republicana (Antón Villar Ponte, Lois Porteiro) na fundación das Irmandades da Fala fai que se reactive o vello iberismo federalista. De aí que non se propoña unha reunificación Galicia-Portugal, senón a convivencia dos dous países nun marco máis amplo. Nesa liña, Lois Porteiro pensa que Galicia e Castela son nacións distintas e España simplemente un Estado, do que polo tanto a unidade, aínda que se debe manter, xa non é algo esencial e sacro, senón unha continxencia condicionada á súa utilidade: “[si] los gobiernos de gabilla volvieran, como su incapacidad y los gravísimos problemas que la liquidación de la guerra ha de plantearnos habrían de conducir a una revolución anárquica, procuraríamos salvarnos en una Galicia libre... Al día siguiente tenderíamos nuestra mano a Castilla, a Aragón, a Cataluña, a Euskadi, a Andalucía, a Portugal, para iniciar la reconstrucción del Imperio Ibérico sin reparar en sacrificios.”¹² E Antón Villar Ponte, amén de pensar que galegos e portugueses son “desde luego más connacionales, a causa de las afinidades de raza [...] que de los madrileños y andaluces”,¹³ estaba convencido de que a federación peninsular era o único camiño para que Portugal volvese ao seo da familia ibérica, camiño no que Galicia sería ponte privilexiada para facilitalo.¹⁴ Ademais, ese sería o mellor medio para facer, en palabras de L. de Sergude, “d’un Estado esgruviado e caduco unha froecente confederación de nazós progresivas”¹⁵ ou, como dicía R. Carbballal, “da España enclenque e podre, unha Iberia rica e forte, que non seia o mingo da próxima democrática Europa”.¹⁶

Culminada a transición ideolóxica do rexionalismo ao nacionalismo na I Asemblea Nacionalista (Lugo, novembro de 1918) e asumida plenamente a idea de que Galicia é unha nación, a imaxe e as funcións de Portugal no discurso nacionalista acadan tamén os seus perfís definitivos. Uns perfís *que non se poden entender sen ter en conta un factor fundamental: a modulación non separatista da maioría do nacionalismo galego de entreguerras*. En efecto, a rotunda negación nacionalista da pertencia de Galicia á nación española combínase cunha sorte de *hispanismo galeguista*, do que a manifestación programática máis clara é a proposta de reordenación federal/confederal da Península Ibérica aprobada nesa asemblea e mantida como punto central de tódolos programas do nacionalismo galego até 1936. Isto reforza o papel do referente portugués pero asemade limita o seu alcance.

En todo caso, é indubidable a crecente importancia das funcións ideolóxicas que adquire Portugal como referente de reintegración. Complementario da afirmación da Galicia-nación, serve de contrapunto á negación da nación española e á oposición a Castela. De aquí que Risco saliente a estreita unión étnico-lingüística entre Galicia e Portugal;¹⁷ que Xaime Quintanilla diga: “somos e debemos ser mais hermanos d’os portugueses que d’os castelans”¹⁸; ou que se glose cunha exaltación lusista un debuxo de Castelao en 1921.¹⁹

Neste desenvolvemento da imaxe de Portugal converxen dous factores, en parte contradictorios. O primeiro, e máis obvio, é a comunión -imperfecta- nunha etnicidade, se non totalmente idéntica, si íntimamente emparentada, así como unha orixe histórica común. Pólas do mesmo talo, unha viu atrofiado o seu crecemento cultural e político, mentres que a outra floreceu ata crear un

¹² Lois Porteiro, *A los gallegos emigrados*, A Coruña, La Papelería Gallega, s.a. [1918], p. 28.

¹³ Antón Villar Ponte, *Nacionalismo Gallego. Nuestra afirmación regional*, A Coruña, Imp. La Voz de Galicia, 1916, p. 38.

¹⁴ Conferencia pronunciada na sede da Lliga Regionalista en Barcelona. Vid reseña publicada en *Diario de Galicia*, Santiago de Compostela, 28-XI-1917.

¹⁵ L. de Sergude, “O Rexionalismo é progreso”, *A Nosa Terra*, nº 13, 20-III-1917, p.4.

¹⁶ Ricardo Carbballal, “A malla dou comenzo”, *A Nosa Terra*, nº 22, 20-VI-1917, p. 3.

¹⁷ Vicente Risco, “Galizia Céltiga. A Don Manuel Murguía respetosamente”, *Nós*, nº 3, 30-XII-1920, pp. 5-14; nº 5, 24-VII-1921, pp. 6-12.

¹⁸ Xaime Quintanilla, “Do meu feixe”, *A Nosa Terra*, nº 13, 20-III-1917, p. 2.

¹⁹ Na octavilla *¡Viva Portugal!* que a Irmandade da Coruña distribue pola cidade co gallo da visita dun grupo de intelectuais portugueses engádese o seguinte texto ao pé orixinal, no que o vello non sabe responder ao rapaz se os habitantes de alén Miño son estranxeiros ou non: “Nós, sí, saberíamos decirle a aquel rapaz [...] que o glorioso Portugal, o povo europeo dos de extensión territorial mais pequeno con historia mais grande, é entre quantos povos forman a Península, o único verdadeiro irmao da Galiza”.

imperio mundial. A historia e o presente de Portugal funcionan, pois, como proba do que puido ser Galicia –e do que podería ser no futuro– de non estar submetida a unha nación allea, pois no fondo son dúas partes da mesma esencia nacional. Deste modo o referente de reintegración potencia tamén o de afirmación, porque Portugal é o exempro vivo das capacidades da alma galega cando pode actuar sen cadeas. Como di Risco:²⁰

Portugal é a Galiza ceibe e criadora, que levou pol-o mundo adiante a nosa fala e o noso espírito, e inzou de nomes galegos o mapa do mundo [...] Namentral-a historia da Galiza Lucense é un perpetuo fracaso políteco, a de Portugal repersenta o trunfo da Galiza ideal, da Galiza galega [...] Portugal é algo sagrado para nós.

Polo mesmo, a I Asamblea Nacionalista acorda en 1918 inserir a Portugal no corazón mesmo da simboloxía nacionalista mediante a inclusión obrigada no himno galego da estrofa de Pondal sobre a nobre Lusitania.

Pero a galegitude de Portugal non é perfecta, como xa sinalara Murguía. A súa expansión territorial alén Douro fixérase ao prezo de misturar sangue, lingua e cultura galegas coas do que Risco chamaba a Afroiberia, de xeito que, en rigor, Portugal tampouco era nacionalmente homoxéneo. Por iso Castelao dirá anos despois que “Portugal, desterrado e centralizado no extremo oposto a Galiza, xa non contaba coa enerxía étnica orixinal”, e por iso chamará aos lisboetas “especie de andaluces que falan galego cos dentes pechados”.²¹ Pero estas máculas, nas que tampouco insisten moito, non embazan o fulgor do fanal luso, aínda que cecais non sexan totalmente alleas ao feito de que este referente só é de reintegración a medias, sobre todo por mor da estratexia maioritariamente federalista do nacionalismo galego destes anos.

Esa estratexia fai que o obxectivo real non sexa reunificar nacionalmente Galicia e Portugal nun Estado á parte, senón a reintegración de Portugal a España, aínda que se trate dunha Hespaña-Iberia federal ou confederal. Castelao²² exprésao claramente: “somentes no ideal ibérico reside a posibilidade de recobrar a categoría perdida, xusto é que nós non aplaudamos o separatismo portugués”, pois lograda a unión con Portugal, “Hespaña recobraría *ipso facto* a categoría de gran potencia”. Xa que logo, este segundo aspecto implica un matiz oposto ao primeiro, que convive contradictoriamente con el no pensamento nacionalista. O referente funciona agora ao servizo de dous obxectivos: un programático e central, a federación, pois a reunificación ibérica non é imaxinable se España previamente non se organiza federativamente; e outro secundario, o realce da importancia de Galicia no conxunto español, pois só unha Galicia reafirmada pode servir de ponte nesa reunificación. Como dicía Viqueira, a Galicia “si é fiel a sí mesma, estálle reservado, pol-a súa lingua e pol-a súa historia, tan portuguesa como española, face-la Unión Ibérica”,²³ porque “siendo profundamente diferentes el espíritu portugués del español sería preciso hallar un tránsito entre ellos, un medio de comunicación” que só pode ser Galicia.²⁴

Como podemos ver, trátase dun reintegracionismo imperfecto. Nunca se propón, nin siquiera implícitamente, a formación dunha nación galaico-portuguesa que entrase como tal na confederación ibérica. Esta posibilidade contéplase só, ao modo murguiano, en tempo pasado, como unha oportunidade que pasou para non volver. Tal fai, por exemplo, Peña Novo e curiosamente no marco dunha análise da unidade española moi crítica coas saudades historicistas: “unhos pobos miran sempre pró porvir e progresan; outros miran principalmente para o pasado e parálanse”. Perante a cuestión da unidade española –di– non hai que insistir tanto na súa antigüidade nin nos oito séculos que levou acadala, senón se é útil ou prexudicial para os seus integrantes. E engade: “¿Qué

²⁰ Vicente Risco, *Mitteleuropa*, Santiago, Ed. Nós, 1934, pp. 18-19.

²¹ Alfonso R. Castelao, *Sempre en Galiza*, Buenos Aires, 2ª ed., Ed. As Burgas, 1961, pp. 338-339.

²² *Ibidem*, pp. 341-342.

²³ “Nosos problemas educativos”, ANT, nº 61, 20-VII-1918, p.6.

²⁴ *Ensayos y poesías* [ant.], A Coruña, Ed. Nós, 1930, p. 166.

ventaxas conquerimos coa unidade da Patria os galegos? E ¿qué ventaxas houbéramos conquerido si Galicia non houbera entrado na unidade feita pol-os Reis Católicos? Cicais entonces con Portugal poidera haber sido a Gran Potencia atlántica, máis forte que Inglaterra”.²⁵

Pero todo isto era auga pasada. No que atinxe á que corría baixo as pontes do presente, nin siquiera os poucos separatistas que había no galeguismo se plantexaban a formación dun Estado independente galego-portugués. Esta posibilidade só agromaba esporádicamente alén Miño, como é lóxico.²⁶ Pero non era a postura dos nacionalistas galegos, en parte porque pensaban que, pese a todo, o Estado portugués, centrado no Texo, era nacionalmente impuro e heteroxéneo de abondo e tan centralista máis que o español. E aínda que preferían non falar disto, cando o facían non podían ser máis claros. Veleiquí o que decía Castelao:²⁷

Os galegos non aspiramos a confundir políticamente a nosa Terra co Portugal rexido dende Lisboa, e non necesitamos sair de Hespaña para opoñernos á hexemonía de Castela e loitar pol-a nosa liberdade. Pero dentro de Portugal quedounos a metade da nosa terra, do noso esprito, da nosa lingoa, da nosa cultura, da nosa vida, do noso ser nacional.

A solución máis acorde con estes sentimentos sería a reconstitución da Gallaecia da época romana, auténtico solar da nación galega completa para estes nacionalistas, pero iso esixiría a partición de Portugal e de España para crear unha unidade política étnicamente pura e homoxénea. Un soño demasiado inviable mesmo para os soñadores. O nacionalismo galego nin siquiera o insinúa nunca. A entrada de Portugal nunha confederación ibérica era para eles o punto de máximo achegamento á utopía.

Por iso, ademáis da lonxana meta confederal, a reintegración que se procura redúcese na práctica ao establecemento de relacións lingüísticas e culturais e a algúns contactos políticos tan esporádicos como epidérmicos. Na liña das primeiras están as numerosas iniciativas para potenciar o coñecemento mutuo e a colaboración cruzada de autores portugueses en publicacións galeguistas e viceversa, así como a reforma ortográfica que propón Viqueira para achegar ámbolos dous idiomas e á que se adherirá Vicente Risco anos despois, se ben ningún renunciará á maioría das peculiaridades léxicas, morfolóxicas e sintácticas do galego respecto do portugués, polo que tampouco estamos perante un reintegracionismo lingüístico pleno.²⁸ Carácter puramente cultural teñen tamén os actos portugueses que organizou en xuño de 1918 a Irmandade da Fala da Coruña, con asistencia do cónsul de Portugal; o intercambio de artigos e correspondencia entre *Nós*, *A Nosa Terra*, Risco e Viqueira, por un lado, e algunhas publicacións portuguesas, Teixeira de Pascoaes, Pina de Morais, etc., polo outro; a colaboración entre o portugués Instituto Histórico do Minho e o Seminario de Estudos Galegos a partir de 1923; ou as viaxes a un e outro lado do Miño para dar conferencias.

Foron moi escasos os contactos e iniciativas que podemos considerar “políticos”. E nalgún caso mesmo provocaron tensións internas. Por exemplo, en setembro de 1919 *A Nosa Terra* publicou un solto no que se invitaba aos “irmáns” a denunciaren e perseguiren aos monárquicos portugueses. Vicente Risco, que non fora informado como membro do Directorio das Irmandades de que se ía publicar tal cousa, enviou unha forte protesta á redacción recordando que en Lugo se acordara que todos os textos non asinados que aparecesen no periódico tiñan que ser aprobados

²⁵ Lois Peña Novo, “A unidade da patria na Hestoria”, *A Nosa Terra*, nº 95, 25-VII-1919, p. 5.

²⁶ *A Imprensa de Lisboa* publica en 1921 un artigo, titulado “Un velho sonho. ¿A independencia de Galicia? A ação dos galegos em Portugal” e reproducido en *A Nosa Terra* (nº 78, 15-I-1919, p. 6), no que se presenta a Galicia como escrava de Castela e se avoga pola súa unión con Portugal.

²⁷ Alfonso R. Castelao, *Sempre en Galiza*, op. cit., p. 343.

²⁸ Vid. Xoan Vicente Viqueira, “A nosa escola”, *A Nosa Terra*, nº 28-29, 30-VIII-1917, p.2; “Pol-a reforma da ortografía”, *Ibidem*, nº 43, 20-I-1918, p.1; “Da renascenza lingüística”, *Ibidem*, nº 77, 6-I-1919, p. 4; e “Po-la reforma ortográfica”, *Ibidem*, nº 102, 5-X-1919, p. 2. Vicente Risco, “Prosas galeguistas. Ortografía. A provincia”, *Ibidem*, nº 95, 25-VII-1919, pp. 3-4.; e “Da renascencia galega. A evolución do galego e os seus críticos”, *Ibidem*, nº 233, 1-II-1927, pp. 9-10. Vid. tamén a proposta de acordo presentada na Asemblea de Lugo por A. Villar Ponte en *Ibidem*, nº 78, 15-I-1919, p. 6.

previamente polo Directorio (norma que por certo era incumprida arreo) e engadía que ese texto lle parecía unha imprudencia porque aínda non estaba claro que os monárquicos non puidesen recuperar o poder en Portugal e que, en todo caso, non era labor dos nacionalistas galegos facer de policía honorarios.²⁹

Noutras ocasións o asunto adquiriría un rango algo máis institucional, aínda que sen maiores consecuencias. Na orde do día da III Asemblea Nacionalista (Vigo, abril de 1921), redactado por Vicente Risco, reservábase o punto quinto ás “Relacións con Portugal”. No decurso da reunión acordouse fortalecelas. Non sabemos moi ben que se fixo realmente para executar este acordo, fóra de intensificar as xa mencionadas colaboracións entre intelectuais dun e doutro lado da raia que se traducían en artigos e referencias á cultura e á actualidade portuguesas portuguesa en *Nós* e *A Nosa Terra*.³⁰ En todo caso os únicos froitos “políticos” tanxibles desa vontade foron a carta de Alexandre de Córdova a Vicente Risco na que se solidarizaba coa loita das Irmandades por unha Galicia ceibe;³¹ ou os actos de primeiros de setembro de 1921 na Coruña con motivo da visita do Orfeón de Porto, Leonardo Coimbra e Alexandre de Córdova e outros, que a Irmandade anunciou sementando de octavillas portuguesistas a cidade. A expedición chegou en tren, o que deu lugar aos acostumados actos de recepción nas estacións de Ourense, Monforte (onde se incorporou Risco), Betanzos e A Coruña. Coimbra pronunciou un discurso na praza de touros desta última cidade e unha conferencia no Círculo de Artesanos onde tamén falaram Joao Peralta e Octavio Sergio. No local da Irmandade houbo unha xuntanza para estreitaren lazos. E despois dos actos públicos, segundo o relato de Víctor Casas,³² nunha cea á que “non foi ninguén de fora”, “lle falamos con craridade do noso movemento e si podíamos contar con eles”. Os portugueses “ofrecéronse para todo”. Un todo que se reduciría na práctica a intercambios literarios e científicos e a colaborar na venda de libros galegos en Portugal e viceversa. Iso si, “falouse en arredista. Houbo vivas á República Galaico-Portuguesa. Un d’eles deuno o mesmo Coimbra”. E logo da cea e dos berros, os portugueses fóronse...e non houbo nada.

Nos anos da Segunda República, cando as Irmandades foron substituídas polo Partido Galeguista como forma organizada do nacionalismo, as cousas seguiron máis ou menos igual: bastantes intercambios culturais e algún desafogo político. Citemos un destes últimos polo rebumbio que provocou. A principios de agosto de 1931 o Lar Gallego de Madrid organizou un banquete en homenaxe aos catro deputados galeguistas gañadores de escano nas eleccións a Cortes Constituíntes de 28 de xuño (Alfonso R. Castelao, Ramón Otero Pedrayo, Antón Villar Ponte e Ramón Suárez Picallo). Naqueles días debatíase no Congreso dos Deputados, entre outras moitas características do novo sistema político, a cuestión da distribución territorial do poder na recén nada República. En resposta a algunhas intervencións que avogaban por unha mera descentralización administrativa, os deputados presentes reafirmaron as súas teses federalistas e mesmo dixeron que, se a nova constitución non satisfacía as arelas de Galicia, sempre estaba aberto o camiño da unión con Portugal. En concreto Otero proclamou que Galicia quería ser libre e que o novo Estado español tiña que darlle esa liberdade. Naturalmente, estas palabras provocaron un monumental escándalo en Madrid e en Galicia. Toda a prensa madrileña e a maior parte da galega se lle botou enriba. A cousa tivo consecuencias tamén no seo da Minoría Gallega. Varios deputados dese grupo desautorizaron públicamente aos seus compañeiros, entre eles Salvador de Madariaga,

²⁹ Carta de Vicente Risco a Antón Losada, Ourense, 3-X-1919 (Arquivo Losada).

³⁰ Sirvan de indicador cuantitativo do interés por Portugal as seguintes porcentaxes de artigos publicados en *A Nosa Terra* relacionados con Portugal: 2,0 en 1916-1917; 1,9 en 1918-1923 e 1,8 en 1924-1930. Para os mesmos períodos, os relacionados con Cataluña e País Vasco son, respectivamente, 4,6 1,9 e 0,9.

³¹ Publicada en *A Nosa Terra*, nº 133, 1-II-1921. Vid. tamén as cartas de Vicente Risco a Antón Losada de 3-XI-1920 e 10-III-1921 (Arquivo Losada). En novembro de 1920, Cervaens propón uns Xogos Florais Luso-Galaicos en Porto para o vindeiro ano. En agosto de 1922, *A Aurora do Lima* publica un extra adicado ao Día de Galiza con colaboracións de Joan Vicente Viqueira, Victoriano Taibo, Ramón Fernández Mato, Rodríguez Elías, Julio de Lemos, Francisca Herrera e Garrido e outros.

³² Carta de Víctor Casas a Fermín Fernández Penzol (daquela en Madrid) de 16-IX-1921 (Fundación Penzol-Fondo Fermín Penzol).

quen rexeitou calquera “nacionalismo de tipo federal” por entender que era un retroceso ao século XIX. Máis dura foi a reacción do Comité Provincial do Partido Radical de Pontevedra, que enviou á prensa madrileña un telegrama no que, logo de agradecer o seu labor a prol da unidade española, decía: “somos españoles, no portugueses. Representamos espíritu liberal totalidad región y son elementos reaccionarios los que solicitan autonomía Galicia para continuar política caciquil [...] Queremos solamente autonomía administrativa sin matiz separatista”. Estaba claro para estes republicanos: por moito que dixesen os nacionalistas, os galegos nin eran federalistas nin moito menos portugueses.